

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Resolución do 30 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convoca contratación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dun servizo para a redacción do proxecto arquitectónico básico e de execución, incluíndo o estudo de seguranza e saúde, e para a dirección de obra e coordinación de seguranza e saúde da obra de acondicionamento dun local para oficina de emprego nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña), así como dos similares para realizar durante un prazo de tres anos, contados desde a sinatura do contrato nos termos establecidos no artigo 158 c) da Lei de contratos do sector público. (Expediente 2010.11.FC.A.).*

1. Entidade adxudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información.

a) Organismo: Consellería de Traballo e Benestar (Secretaría Xeral-Vicesecretaría Xeral).

b) Obtención de documentación e información: na Consellería de Traballo e Benestar. Edificio advo. San Lázaro s/n. 15781 de Santiago de Compostela ou na web: [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)

c) Teléfono: 981 54 74 56. Fax: 981 54 01 18. E-mail: [contratosareatraballo@xunta.es](mailto:contratosareatraballo@xunta.es)

2. Obxecto do contrato: redacción do proxecto arquitectónico básico e de execución, incluído o estudo de seguranza e saúde, así como a dirección de obra, coordinación de seguranza e saúde da obra de acondicionamento dun local para oficina de emprego situado nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

Segundo o previsto no artigo 158 c) da LCSP a adxudicación deste contrato servirá de referencia para a adxudicación doutros similares, no prazo de 3 anos e ata un importe de 190.000,00 euros.

3. Tramitación e procedemento: ordinaria e aberto.

4. Criterios de adxudicación: ver o prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Orzamento base de licitación: 14.055,36 €. 2.529,96 € (IVE (18%): €. Total: 16.585,32 €. Valor estimado do contrato: 190.000,00 €.

6. Garantías exixidas: definitiva (5% importe de adxudicación, excluído IVE).

7. Requisitos específicos do contratista: solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de ofertas comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Gal-*

*cia* e finalizará aos quince días naturais, ás 14:00 horas, a non ser que o último día sexa sábado ou inhábil, caso en que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

b) Lugar de presentación: no Rexistro Único da Xunta de Galicia, nas oficinas sitas nos edificios administrativos San Lázaro ou San Caetano -Consellería de Traballo e Benestar-, en Santiago de Compostela 15781. Sen perxuízo do anterior, os licitadores poderán enviar as súas proposicións por correo segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Documentación necesaria: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

9. Apertura de ofertas: terá lugar na sala de xuntas da consellería situada no edificio administrativo de San Lázaro, s/n en Santiago de Compostela, do oitavo día natural, contado desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentacións de proposicións, a non ser que o último día sexa sábado ou inhábil, caso en que se trasladará ao primeiro día hábil seguinte.

10. Gastos de publicidade: 5,42 € por liña publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2010.

Cristina Ortiz Dorda  
Secretaría xeral da Consellería de Traballo e Benestar

## PORTOS DE GALICIA

*Resolución do 10 de agosto de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria e expediente anticipado de gasto, do contrato, non suxeito á regulación harmonizada, de execución das obras que se citan. (Expediente CO-12-36-10-01).*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa os expedientes: Área de Infraestruturas.

c) Dependencia que tramita os expedientes: División de Contratación.

2. Obxecto dos contratos.

-Descrición do obxecto: edificio para servizos no porto do Pindo (A Coruña).

-Clave do expediente: CO-12-36-10-01.

-Lugar de execución: O Pindo (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: catrocentos vinte e tres mil catrocentos nove euros con noventa e sete céntimos (423.409,97 euros), IVE excluído.

-Importe do IVE (18%): 76.213,79 euros.

-Prazo de execución: seis (6) meses.

-Clasificación: C-d.

-División por lotes: non hai.

### 3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria. Expedientes anticipados de gasto.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración (multicriterio).

### 4. Garantías.

a) Provisionais: non se exixen.

b) Definitivas: 5% do orzamento de adxudicación, IVE excluído.

### 5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º.

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15707.

-Teléfono: 981 54 53 05.

b) Perfil de contratante na web: os pregos e os cadros de características de cada contrato poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

-<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=14719>

c) A documentación técnica (proxectos), o prego tipo de cláusulas administrativas particulares e os cadros de características dos contratos tamén se poderán obter en:

-*Copy Nino*; rúa Feáns, 19, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

-*Copy Estudio*; rúa Nova de Abaixo, 19-20 (galerías), Santiago de Compostela. Teléfono: 981 59 33 85.

-<http://www.portosdeg Galicia.es>

A data límite de obtención de documentación e información coincide coa data límite de presentación de ofertas, establecida no punto 7 a) deste anuncio.

### 6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: a exixida no punto 2 anterior.

b) Outros requisitos: ademais da clasificación e de acordo co exixido na cláusula 3.3.3. do PCAP, os licitadores deben de comprometer na súa proposta un equipo mínimo de traballo coas características especificadas no punto 8º da cláusula 3.5.1-I.A) do PCAP.

### 7. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do vixésimo sexto (26) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado na cláusula 3.5. do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

### c) Lugar da presentación:

As proposicións presentaranse, en tres (3) sobres pechados, no rexistro xeral do Portos de Galicia, sito na praza de Europa, 5-A, 6º, de Santiago de Compostela, 15707 (teléfono: 902 40 08 70; fax: 981 54 53 24), segundo se especifica no punto 3.4. do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, ou envialas por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura das proposicións, en virtude do disposto nos puntos 2 e 4 do artigo 145 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

e) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos na cláusula 3.6.2. do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

f) Admisión de variantes: haberá que aterse ao disposto no prego tipo de cláusulas administrativas particulares e no punto 7 dos correspondentes cadros de características de cada contrato, para cada un dos procedementos descritos no punto 2 anterior.

### 8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas de Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º (Área Central).

c) Localidade: 15707, Santiago de Compostela.

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo o décimo sétimo (17) día natural seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

No acto público de apertura do sobre B, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora na que se procederá á apertura do sobre C.

e) Hora: 9.00 horas.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de celebración do acto público de apertura das proposicións reflectirase a nova data no perfil de contratante.

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 3.6.1.b) do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fora o caso, e dentro do prazo que se

indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos dos anuncios: os gastos que se deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo  
Presidente de Portos de Galicia

## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*Anuncio do 2 de agosto de 2010 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia nos expedientes IN417I/09A03811 e vinte e catro máis.*

De conformidade co disposto nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, emprázanse os interesados indicados no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo director do Instituto Enerxético de Galicia.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio ante o Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 CP 15703, Santiago de Compostela, A Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2010.

Eliseo Diéguez García  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

### ANEXO

Expediente: IN417I/09A03811.  
Interesada: Mercedes Colmeiro Varela.  
Acto que se notifica: contestación de alegacións.  
Expediente: IN417B/09A09606.  
Interesada: *Nodosafér, S.L.*  
Acto que se notifica: contestación de alegacións.  
Expediente: IN417M/09A15910.  
Interesada: Ana María Pazo Paz.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417N/09A11657.  
Interesada: Sonia María Pérez Vilas.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.

Expediente: IN417N/09A15172  
Interesado: Juan Carlos López Pérez.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417N/09A08103.  
Interesado: José Varela Villamor.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417M/09A02548.  
Interesada: Gloria Trigo Yáñez.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417N/09A11291.  
Interesada: Lucinda Guillín García.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417M/09A10847.  
Interesado: Fernando Fraga Varela.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417M/09A12985.  
Interesado: Artur Trillo Sendón.  
Acto que se notifica: anexo de resolución definitiva.  
Expediente: IN417L/09A12697.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12698.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12699.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12701.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12702.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12708.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12716.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12718.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12754.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12763.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12859.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.  
Expediente: IN417L/09A12862.  
Interesada: *Tecno Funciona Galicia, S.L.U.*  
Acto que se notifica: resolución de inadmisión.